

## COMISIÓN ELECTORAL

### ACTA Nº5

Reunido o Comité Electoral, unha vez pechado o prazo de votación no proceso de eleccións primarias, procédese ao escrutinio que arroxa o resultado seguinte:

TOTAL VOTANTES: 55

Procédese a ordenar as persoas candidatas de acordo co número de votos obtidos, tal e como se establece no Artigo 23.1 do Regulamento

Ana Seijas	48
Javier Rocamora	32
Carmen Calviño	31
Roberto Amarelle	28
Tino Freire	26
Manuel Parga	26
Marta Barbosa	25
Patricia Figueira	25
Javier Tesouro	18
Jose Mariño	14
Yago Castro	9

Tal e como prevé o artigo 23 do Regulamento, unha vez feito o escrutinio, a Comisión Electoral procede a axustar a lista de acordo cos criterios correctores que se recollen nos puntos 3.1, 3.2 e 3.3 do devandito artigo, resultando:

- 1.- QUIQUE COSTAS) (O Milladoiro)
- 2.- ANA SEIJAS (Bertamiráns)
- 3.- JAVIER ROCAMORA (Bertamiráns)
- 4.- CARMEN CALVIÑO (O Milladoiro)
- 5.- ROBERTO AMARELLE (Rural)
- 6.- MARTA BARBOSA (Bertamiráns)
- 7.- MANUEL PARGA (O Milladoiro)
- 8.- PATRICIA FIGUEIRA (Bertamiráns)
- 9.- JOSÉ MARIÑO (Rural)
- 10.- (Reservado para unha candidata)
- 11.- (Reservado para un/ha candidato/a do Rural)
- 12.- TINO FREIRE (Bertamiráns)
- 13 JAVIER TESOURO (Bertamiráns)
- 14.- YAGO CASTRO (Beramiráns)

As correccións obedecen ao que establece o regulamento nos puntos citados:

- O feito de que ten que haber un mínimo de 3 mulleres nos primeiros 6 postos provoca que Marta Barbosa ascenda a ese posto, unha vez resolto o empate entre esta e Patricia Figueira. Ese empate resólvese aplicando o establecido no punto 3.3 do Artigo 23: “No caso de empates que se manteñan despois da aplicación dos criterios correctores do apartado anterior, a orde da listaxe resolverase por orde alfabética do primeiro apelido, contando desde a mesma letra aleatoria coa que se ordenase a listaxe da votación “

- O mesmo criterio de desempate foi aplicado no caso do igual número de votos entre Tino Freire e Manuel Parga.

A reserva dos postos 10 e 11, responde ao establecido no mesmo Artigo 23:

“1. Equilibrio de xéneros: o total da candidatura non pode ter menos dun 50% de mulleres. En todo caso, dentro dos dentro dos 6 primeiros postos terá que haber un mínimo de 3 mulleres. Para os demais postos deberá cumprirse o criterio marcado pola propia lei electoral (non pode haber máis de 3 persoas do mesmo xénero en cada tramo de 5).”

“2. Representación territorial: Os núcleos de o Milladoiro e Bertamiráns, así como o conxunto do ámbito rural non poderán en ningún caso estar representados, cada un deles, por menos de 3 dos 11 membros que se elixen para os primeiros postos da candidatura.”

Esa é tamén a razón de que Tino Freire, que foi o quinto candidato con maior número de votos se coloque no posto 12 para ceder posto a dúas mulleres, un candidato do Milladoiro e máis dous candidatos do rural.

Bertamiráns, 10 de marzo de 2018

Asdo: Fran Parga

Asdo: Carlos Villaverde

Asdo: Quique Costas